Dada a especificidade do colectivo co que traballamos e a falta de entidades especializadas en traballar nel e que conten con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

A Asociación de loita contra os malos tratos é unha entidade sen ánimo de lucro que desenvolve actividades de interese social e comunitario desde o ano 1999, dando cobertura psicolóxica, xurídica e social a persoas vítimas de malos tratos, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 13/23101/48000 operación contable RC/2198/16

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de Execución do vixente orzamento.*
- *Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.*

A VISTA DO ANTERIOR, O XEFE SUBSTITUTO DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, INFORMA A CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE IGUALDADE PARA QUE PROPOÑA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTES PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Asociación de Loita Contra os Malos Tratos (ALMAT), en materia de Igualdade, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016.

2ºAprobar o gasto derivado do antedito convenio por importe de 2.000,00€, para o cal existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 13/23101/48000 operación contable RC/2198/16.

Logo de ver o informe fiscalizado de conformidade,deixando constancia das obsevacións contidas neste informe (doc aupac INT10I0XI) de data 26-9-2016 de 2016, a Concelleira delegada en materia de Promoción Social e Igualdade, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

PROPOSTA TERCEIRA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 20-09-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1E5), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL
ASUNTO Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa Asociación Sindrome de Down Teima, en materia de Promoción Social.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo o programa de atención a persoas con discapacidade para traballar con persoas coa síndrome de Down.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social do colectivo de persoas coa síndrome de Down.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

Dada a especificidade do colectivo co que traballamos e a falta de entidades especializadas en traballar nel e que conten con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

Asociación Sindrome de Down "Teima" é unha entidade acreditada na materia a nivel comarcal na atención ás persoas síndrome de Down e ás súas familias, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver. Esta entidade ofrece un servizo organizado en diferentes áreas de atención, que comprenden a atención temperá, a área de educación, de formación e emprego, de vida adulta e independencia, de apoio familiar. O seu obxectivo é mellorar a autonomía das persoas con discapacidade intelectual.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2213/16

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de Execución do vixente orzamento.*
- *Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.*

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE PROMOCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTES PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación Sindrome de Down Teima, en materia de Promoción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 10.000,00€

2ºAprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 10.000,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2213/16."

Logo de ver o informe fiscalizado de conformidade,deixando constancia das observacións contidas neste informe (doc aupac INT10I0YQ) de data 26-9-2016 de 2016, a Concelleira delegada en materia de Promoción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

PROPOSTA CUARTA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 20-09-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1E7), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL
ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa Asociación Solidaridade Galega co Pobo Saharaui, en materia de Acción Social.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón, a través do Servizo sociocomunitario municipal leva varios anos promovendo os programas de acollementos temporais de nenos e nenas procedentes do Sahara, a través do programa de Vacacións en paz.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover a acción social e o acollemento temporal no colectivo nenos e nenas procedentes da rexión sinalada.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de continuar desenvolvendo esta acción a través dun convenio de colaboración, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello e resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa dada a especificidade do programa.

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui é unha ONG que está a traballar con este colectivo desde o ano 1991 e que pretende mellorar a vida dos refuxiados saharauis e da poboación residente no Sahara Occidental a través de axuda humanitaria e distintos programas como é o de Vacacións en Paz.

Por todo isto se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 12/23102/48000 operación contable RC/2190/16
FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de Execución do vixente orzamento.*
- *Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.*

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTES PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación Solidaridade Galega co Pobo Saharaui, en materia de Acción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 5.000,00€

2ºAprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 5.000,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 12/23102/48000 operación contable RC/2190/16.

Logo de ver o informe fiscalizado de conformidade,deixando constancia das observacions contidas neste informe (doc aupac INT10I0X6) de data 26-9-2016 de 2016, a Concelleira delegada en materia de Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou as propostas transcritas.

5 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E ASPANAES, FUNDACIÓN HOSPITAL DE CARIDADE, ASOCIACIÓN DIGNIDAD, E CÁRITAS DIOCESANA MONDOÑEDO-FERROL. ANO 2016**.- Vistas as propostas formuladas que din asi:**PROPOSTA PRIMEIRA**.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 20-09-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1DL), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL
ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS), en materia de Acción Social.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:
O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo o programa de atención a persoas con discapacidade para traballar con nenos e nenas con problemas psicosociais.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social do colectivo de nenos e nenas con problemas psicosociais.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Dada a especificidade do colectivo co que traballamos e a falta de entidades especializadas en traballar nel e que conten con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

ASPANEPS é unha entidade acreditada na materia a nivel comarcal na atención aos nenos e nenas con problemas psicosociais e ás súas familias, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver. ASPANEPS é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro e de ámbito estatal, que presta un servizo de atención psico-social á infancia, ás familias e ás persoas con discapacidade intelectual.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 12/23102/48000 operación contable RC/2193/16

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de Execución do vixente orzamento.*
- *Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.*

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTES PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS), en materia de Acción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 15.000,00€

2ºAprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 15.000,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 12/23102/48000 operación contable RC/2193/16"

Logo de ver o informe fiscalizado de conformidade,deixando constancia das observacións contidas neste informe (doc aupac ICO10I05U) de data 26-9-2016 de 2016, a Concelleira delegada en materia de Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

PROPOSTA SEGUNDA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 20-09-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1E8), que textualmente dí:

INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL
ASUNTO:Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa Fundación Santo Hospital de Caridade, en materia de Acción Social.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo o programa de aloxamento alternativo para traballar con persoas afectadas de dificultade económica e/ou exclusión social.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social do colectivo de persoas afectadas polas situacións arriba indicadas.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

Dada a especificidade do colectivo co que traballamos e a falta de entidades especializadas en traballar nel e que conten con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

A Fundación Santo Hospital de Caridade é unha entidade sen ánimo de lucro, acreditada na materia a nivel comarcal na atención ás persoas con dificultade económica e/ou exclusión social, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver. Os antecedentes desta entidade se remontan ao século XV cun pequeno hospital para peregrinos pero é no ano 1936 cando se crea como tal o Albergue Pardo de Atín, achegando aloxamento, alimentación, roupa e atención sanitaria ás persoas que pasan por él.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 12/23102/48000 operación contable RC/2189/16

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de Execución do vixente orzamento.*
- *Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTES PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Fundación Santo Hospital de Caridade, en materia de Acción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 4.000,00€

2ºAprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 4.000,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 12/23102/48000 operación contable RC/2189/16.

Logo de ver o informe fiscalizado de conformidade, deixando constancia das observacións contidas neste informe (doc aupac INT10I0X5) de data 26-9-2016 de 2016, a Concelleira delegada en materia de Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

PROPOSTA TERCEIRA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 26-09-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1EV), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa Asociación Dignidad Galicia, en materia de Acción Social.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo o programa de atención a persoas afectadas de escasos recursos económicos e/ou risco de exclusión social.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social do colectivo de persoas afectadas de escasos recursos económicos e/ou risco de exclusión social.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

Dada a especificidade do colectivo co que traballamos e a falta de entidades especializadas en traballar nel e que conten con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

A Asociación Dignidad-Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa principalmente con persoas e familias en risco de exclusión social. A súa misión é contribuir a que menores, mulleres, maiores e persoas cunha discapacidade poidan vivir en condicións dignas e mellorar a súa realidade en todos os ámbitos, e para isto proporcionan a cobertura das necesidades básicas da persoa (alimentación, saúde, etc.), de seguridade (vivenda, emprego, etc.) así como de autoestima. A súa visión e motivar e impulsar ás persoas para que sexan capaces de desenvolverse por sí mesmas en todas as súas facetas da vida, para acadar o pleno

desenvolvemento da súa dignidade humana. Por estas razóns, esta entidade se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 12/23102/48000 operación contable RC/2192/16

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTES PROPOSTAS:
1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación Dignidade Ferrol, en materia de Acción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 8.000,00€

2ºAprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 8.000,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 12/23102/48000 operación contable RC/2192/16."

Logo de ver o informe fiscalizado de conformidade,deixando constancia das observacións contidas neste informe (doc aupac INT10I0X4) de data 26-9-2016 de 2016, a Concelleira delegada en materia de Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

PROPOSTA CUARTA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 20-09-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1EW), que textualmente dí:
"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL
ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa entidade Caritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol, en materia de Acción Social.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:
O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo o programa de atención a persoas afectadas de escasos recursos económicos e/ou risco de exclusión social.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social do colectivo de persoas afectadas de escasos recursos económicos e/ou risco de exclusión social.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

Dada a especificidade do colectivo co que traballamos e a falta de entidades especializadas en traballar nel e que conten con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol é unha entidade de carácter social e sen ánimo de lucro, acreditada na materia a nivel comarcal na atención ás persoas en situación de vulnerabilidade social e económica e en risco de exclusión, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver. Esta entidade conta con grupos de acollida nos que realiza atención básica nas parroquias de San Xosé Obreiro, Santa Icía de Trasancos, Nosa Señora dos Desamparados, Santiago Apóstolo, San Xiao de Narón e Santa Rita de Xubia, todas elas no municipio de Narón. Entre as actividades que ten en marcha atopamos o acompañamento para o desenvolvemento de familias en risco de exclusión (acollida, información e orientación, intermediación con outros recursos, coordinación técnica cos servizos sociocomunitarios do Concello de Narón, etc.) e a atención básica a persoas con escasos recursos (axudas directas de carácter económico e en especie para cobertura de necesidades básicas).

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 12/23102/48000 operación contable RC/2187/16

<u>FUNDAMENTOS XURÍDICOS:</u>

- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de Execución do vixente orzamento.*
- *Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.*

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTES PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Caritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol, en materia de Acción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 15.000,00€.

2ºAprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 15.000,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 12/23102/48000 operación contable RC/2187/16."
Logo de ver o informe fiscalizado de conformidade, deixando constancia das observacións contidas neste informe (doc aupac INT10I0X3) de data 26-9-2016 de 2016, a Concelleira delegada en materia de Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou as propostas transcritas.

6 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POR SERVICIOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO.**.- Vista a proposta formulada que di asi: Unha vez confeccionado, polo Servizo Sociocomunitario do Concello de Narón, o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario, correspondente ao **mes de setembro do ano 2016**, proponse á Xunta de Goberno o seguinte:

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario, correspondente ao **mes de setembro do ano 2016**, que comeza por Abelleira Couce, Juana Aurelia e remata por Pico Bonome, Manuela, cun importe de 3.455,60 euros e 424 usuarios.

Segundo: De acordo co disposto no artigo 75 da ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto o público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 7 de outubro ata o 7 de decembro, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Terceiro: Durante o periodo de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos estabelecidos nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa nova redacción dada

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

FÓRA DA ORDE DO DÍA e previa declaración de urxencia, de conformidade co art. 83 do R.D. 2568/1986 a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluí-lo seguinte asunto:
A/ PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A ENTIDADE CLUB CIDADE DE NARÓN DE FUTBOL. ANO 2016..- Vista a proposta formulada que di asi: O administrador-xerente, con data 22 de setembro de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:
"*INFORME - PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*
De conformidad co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e seguindo instrucións despois das conversas co concelleiro/delegado de Deportes, a tal respecto formúlase o seguinte ***INFORME-PROPOSTA***
A) ANTECEDENTES
O Concello de Narón a través do Servizo de Deportes ten entre o seus obxectivos a promoción da práctica deportiva e o establecemento de relacións de cooperación con todas as entidades existentes no Concello co fin de potenciar o desenvolvemento da actividade deportiva.
Logo de ver que nos Orzamentos para o ano 2016, figura na Base 45 – Transferencias Nominativas de varios Convenios Deportivos, entre as que figura a do Club Cidade de Narón de Futbol Sala .
Logo de ver que segundo o Informe do Rexistro de Entidades do Concello de Narón, o Club Cidade de Narón de Futbol Sala, ten os seus datos actualizados.
Logo de ver que o Club Cidade de Narón de Futbol Sala presentou no Servizo de Deportes a seguinte documentación:

- *Proxecto de actividades a realizar pola Entidade.*
- *Certificación do acordo de solicitude e nomeamento de representante.*
- *Declaración de non estar incurso en incompatibilidade ou incapacidade.*
- *Declaración responsable dos seguros que posue o Club e certificación da Compañía Aseguradora.*
- *Declaración responsable da estructura do Club.*
- *Certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social, da Tesourería do Concello de Narón e da Axencia Tributaria de Galicia, conforme está o corrente das súas obrigas.*
- *Aval por importe de 63.240,00 (62.000,00 € de principal máis 1.240,00 € que representa o 2% do importe total).*

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- *Segundo Informe Xurídico emitido en data 21 de setembro de 2016.*
- *Informe do Administrador-Xerente do Servizo de Deportes, conforme o Club cumpre con todos os requisitos estipulados para aceder ao dito convenio.*

C) INFORME-PROPOSTA
A vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, emítese a seguinte proposta:
- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Club Cidade de Narón de Futbol Sala, para o desenvolvemento das actividades do dito Club, con cargo á

partida orzamentaria 10-34100-48000. O texto do convenio achégase xunto coa presente proposta.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno"

Visto que a Intervención Xeral, fiscalizou de conformidade o informe-proposta do Administrador-xerente do Servizo de Deportes de data 22 de setembro de 2016, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía , de data 2 de xullo de 2015

PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 12:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.- JOSE M. BLANCO SUÁREZ

O SECRETARIO XERAL

Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es